



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Teoría das Relacións Laborais		Código	760G01010
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	GalegoInglés			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público Especial			
Coordinación	Carril Vázquez, Xosé Manuel	Correo electrónico	xose.manuel.carril.vazquez@udc.es	
Profesorado	Carril Vázquez, Xosé Manuel	Correo electrónico	xose.manuel.carril.vazquez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	1. Cúrsase no primeiro curso do grao, como materia obrigatoria. 2. Trátase dunha materia a través da que se pretende capacitar ao estudiantado no emprego dos conceptos, das perspectivas e dos modelos de produción en que poden operan as relacións laborais. 3. Os contidos da materia, estreitamente relacionados coas demais materias que conforman o plano de estudos, responden á necesidade de incorporar á formación do estudiantado as habilidades e ferramentas esenciais para coñecer as dinámicas que teñen lugar nas relacións laborais, tanto individuais como colectivas. 4. Concretamente, perséguese que o estudiantado poida realizar unha análise da realidade xurídico-laboral, tendo en conta a súa capacidade para comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais, para percibir as diferencias existentes entre os diferentes modelos de relacións laborais, para valorar as decisións emanadas dos suxeitos que interveñen nas relacións laborais, para analizar o comportamento dos axentes sociais nos diferentes modelos de relacións laborais, e por último, para apreciar as diferencias existentes entre os diferentes modelos de benestar 5. Todo isto explica que se establezan como obxectivos: 1) capacitar para comprender o carácter dinámico e cambiante das relacións laborais; 2) capacitar para comprender as diferencias existentes entre os diferentes modelos de relacións laborais; 3) capacitar para valorar as decisións emanadas dos suxeitos que interveñen nas relacións laborais; 4) capacitar para valorar o comportamento dos axentes sociais nos diferentes modelos de relacións laborais; e 5) capacitar para comprender as diferencias existentes entre os diferentes modelos de estados de benestar.			

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A3	Saúde laboral e prevención de riscos laborais.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A15	Dirixir grupos de persoas.
A22	Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais.
A27	Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Razoamento crítico.
B9	Traballo en equipos.



B17	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Saúde e prevención de riscos	A3	B1	C1
Planear a acción preventiva a desenvolver en situacións en que o control ou a diminución de riscos supón a realización de diferentes actividades, que implican a intervención de distintos especialistas	A13	B2	C4
Análise e prevención de situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.	A14	B3	C6
Desenvolvemento de sistema de autoprotección para centros, establecementos e dependencias, co correspondente plan de emerxencia para accións de prevención de riscos, alarma, evacuación e socorro	A15	B6	C8
Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas	A22	B8	
Seleccionar e xestionar información e documentación	A27	B9	
Dirixir grupos de persoas	A31	B17	
Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos			
Asesoramento a organizacións e entidades			
Aplicar os coñecementos á práctica			
Resolución de problemas			
Capacidade de análise e síntese			
Capacidade de organización e planificación			
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional			
Razoamento crítico			
Traballo en equipos			
Sensibilidade cara a temas medioambientais			
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma			
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común			
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse			
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade			

Contidos



Temas	Subtemas
PARTE PRIMEIRA Introducción TEMA 1. A DOCENCIA UNIVERSITARIA DA MATERIA TEORÍA DAS RELACIÓNS LABORAIS. TEMA 2. TEORÍAS E MODELOS ANALÍTICOS DOS SISTEMAS DE RELACIÓNS LABORAIS. TEMA 3. A CONSIDERACIÓN XURÍDICA-LABORAL DO TRABALLO COMO OBXECTO DE ESTUDO DA MATERIA TEORÍA DAS RELACIÓNS LABORAIS.	Sumario TEMA 1 §1. No plano de estudos da licenciatura en ciencias do traballo, como antecedente académico. §2. No plano de estudos do grao en relacións laborais §3. No plano de estudos das titulacións universitarias de relacións laborais ou ciencias do traballo nos países membros da Unión Europea. Sumario TEMA 2 §1. Emerxencia da teoría das relacións laborais. §2. Consolidación da teoría das relacións laborais. §3. Teorías actuais das relacións laborais. Sumario TEMA 3 §1. O traballo como realidade xurídica. §2. O traballo dependente. §3. Un traballo voluntariamente prestado. §4. Por conta allea. §5. En virtude dun contrato. §6. Privado. §7. E non regulado polo Dereito común.
PARTE SEGUNDA Historia da regulación do sistema español de relacións laborais TEMA 4. A ETAPA DE DISPERSIÓN NORMATIVA. TEMA 5. A ETAPA DE SISTEMATIZACIÓN NORMATIVA. TEMA 6. A ACTUAL ETAPA DE IMPREGNACIÓN CONSTITUCIONAL E DE EUROPEIZACIÓN.	Sumario TEMA 4 §1. O traballo asalariado industrial: o problema da cuestión social. §2. A organización e a mobilización do proletariado como resposta. §3. A intervención dos poderes públicos. Sumario TEMA 5 §1. Durante a ditadura de Primo de Rivera. §2. Durante a II República. §3. Durante o franquismo. Sumario TEMA 6 §1. A constitucionalización e a internacionalización das relacións laborais. §2. A impregnación constitucional do sistema español de relacións laborais. §3. A europeización do sistema español de relacións laborais.
PARTE TERCEIRA A regulación actual do sistema español de relacións laborais TEMA 7. AS FONTES DE COÑECEMENTO DO SISTEMA ESPAÑOL DE RELACIÓNS LABORAIS. TEMA 8. INTERNET COMO MEDIO PARA O COÑECEMENTO DAS FONTES REGULADORAS DO SISTEMA ESPAÑOL DE RELACIÓNS LABORAIS.	Sumario TEMA 7 §1. Sobre a expresión «fontes de coñecemento» como sinónimo de «fontes do Dereito». §2. As normas laborais constitucionais. §3. As normas laborais internacionais. §4. As normas laborais do Estado e das Comunidades Autónomas. §5. As normas sectoriais. §6. O costume laboral. §7. A xurisprudencia social. Sumario TEMA 8 §1. A Ignorantia legis non excusat e o dereito á información xurídica da cidadanía. §2. O dereito á información xurídica a través de Internet en Francia. §3. Outros modelos estatais, europeos e norteamericano, de acceso á información xurídica a través de Internet.



PARTE CUARTA A relación laboral individual TEMA 9. O TRABALLADOR. TEMA 10. O EMPRESARIO E A EMPRESA. TEMA 11. O CONTRATO DE TRABAJO.	Sumario TEMA 9 §1. Concepto xurídico de traballador. §2. A relevancia social dos traballadores. §3. Criterios xurídicos para a clasificación dos traballadores. Sumario TEMA 10 §1. Concepto xurídico-laboral de empresario e clases. §2. A empresa, o centro de traballo e o lugar de traballo. §3. Os grupos de empresas ou grupos de sociedades. Sumario TEMA 11 §1. A constitución da relación laboral individual a través da formalización do contrato de traballo. §2. Os poderes do empresario como causa de desigualdade no contrato de traballo. §3. Os límites constitucionais dos poderes do empresario.
PARTE QUINTA As relacións laborais colectivas TEMA 12. AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS. TEMA 13. AS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS. TEMA 14. A NEGOCIACIÓN COLECTIVA. TEMA 15. OS DEREITOS DE FOLGA E PECHE PATRONAL. TEMA 16. O CONFLITO COLECTIVO E OS SEUS PROCEDEMENTOS DE SOLUCIÓN.	Sumario TEMA 12 §1. O sindicato como forma concreta de organización. §2. Criterios para unha clasificación dos sindicatos. §3. Antecedentes do Dereito Sindical no Estado español. §4. O recoñecemento constitucional dos sindicatos. §5. A Lei Orgánica de Liberdade Sindical. Sumario TEMA 13 §1. O asociacionismo empresarial. §2. Criterios para unha clasificación das organizacións empresariais. §3. O dereito de asociación empresarial. Sumario TEMA 14 §1. O dereito constitucional á negociación colectiva laboral. §2. O concepto legal de convenio colectivo. §3. Diferencias con outras figuras negociais distintas. §4. Clases de convenios colectivos. §5. O procedemento de negociación dos convenios colectivos. Sumario TEMA 15 §1. A folga como medio de presión laboral dos traballadores. §2. A regulación da folga como dereito fundamental. §3. A titularidade do dereito de folga. §4. O exercicio do dereito de folga. §5. A folga ilegal e as súas modalidades. §6. A folga abusiva e as súas modalidades. §7. O impacto da folga. §8. O dereito de peche patronal como medio de defensa do empresario e os requisitos legais para o seu exercicio. §9. Outros medios de presión laboral. Sumario TEMA 16 §1. O conflito colectivo como elemento consustancial das relacións laborais e a súa tipoloxía. §2. Os procedementos extraxudiciais de solución de conflitos colectivos. §3. O procedemento xudicial de solución de conflitos colectivos.



PARTE SEXTA A intervención do Estado na regulación das relacións laborais TEMA 17. A ADMINISTRACIÓN LABORAL. TEMA 18. A ACTUACIÓN ADMINISTRATIVA DA AUTORIDADE LABORAL NAS RELACIÓNS LABORAIS. TEMA 19. A INSPECCIÓN DE TRABALLO E DE SEGURIDADE SOCIAL.	Sumario TEMA 17 §1. A autoridade laboral. §2. A autoridade laboral do Estado. §3. A Autoridade laboral das Comunidades Autónomas. Sumario TEMA 18 §1. A actuación administrativa de policía. §2. A actuación administrativa de fomento. §3. A actuación administrativa de servizo público. Sumario TEMA 19 §1. Antecedentes. §2. Regulación actual. §3. Organización. §4. Funcións. §5. Modalidades de actuación.
PARTE SETIMA As relacións laborais desde unha perspectiva comparada: modelos comunitario e comparado de relacións laborais no actual contexto de globalización ou mundialización da economía TEMA 20. OS MODELOS COMUNITARIO E COMPARADO, EUROPEO E NORTEAMERICANO, DE RELACIÓNS LABORAIS. TEMA 21. O IMPACTO DA GLOBALIZACIÓN OU MUNDIALIZACIÓN DA ECONOMÍA NAS RELACIÓNS LABORAIS.	Sumario TEMA 20 §1. Metodoloxía para o estudo das relacións laborais desde unha perspectiva comparada. §2. En materia de contratación laboral. §3. En materia de liberdade sindical. §4. En materia de negociación colectiva. §5. En materia de folga e peche patronal. Sumario TEMA 21 §1. A regulación internacional das condicións de traballo como constante histórica. §2. O reposicionamento das funcións do Estado en temas económicos e sociais. §3. A intensificación do labor sindical a nivel internacional. §4. A regulación do comercio internacional por cláusulas sociais. §5. A distinción entre países enriquecidos e países empobrecidos como punto de partida para unha nova regulación internacional, non só estritamente laboral, dun mercado cada vez máis mundializado.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	5	20	25
Discusión dirixida	3	10	13
Estudo de casos	9	20	29
Presentación oral	2	7	9
Proba obxectiva	3	0	3
Sesión maxistral	20	50	70
Atención personalizada	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Supón o emprego de documentos bibliográficos e audiovisuais relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a súa análise. Pódese empregar como introducción a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non poder ser observados directamente e para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contados teóricos ou prácticos.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos en que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por unha persoa que modera.



Estudo de casos	Situación específica que plantexa un problema que debe ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, través dun proceso de discusión. O estudantado debe sitúase diante dun problema concreto (o caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, relativos a un campo particular, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión (dirixida ou non) en grupos.
Presentación oral	Intervención propia dos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal, a través da que o estudantado e a persoa encargada da docencia interactúan dun modo ordenado, plantexando cuestións, realizando aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Proba obxectiva	Empregada para a avaliación do aprendizaxe, cuxo rasgo distintivo é a posibilidade de determinar se as despostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida que permite a través dun cuestionario de preguntas avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendimento e aptitudes.
Sesión maxistral	A sesión maxistral (tamén coñecida como conferencia, método expositivo ou lección maxistral) supón unha exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción de preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Discusión dirixida Estudo de casos Presentación oral Proba obxectiva Sesión maxistral	A actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo dos contidos desta materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nas titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Non se debe confundir atención personalizada con tutoría académica, xa que esta fai referencia á necesidade de asignar a cada alumno un titor desde primeiro curso ata que finaliza os estudos universitarios de grao, co obxectivo de ofrecer un soporte permanente e formal naqueles momentos nos que debe tomar decisións.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	Situación específica que plantexa un problema que debe ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, través dun proceso de discusión. O estudantado debe sitúase diante dun problema concreto (o caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, relativos a un campo particular, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión (dirixida ou non) en grupos.	10
Presentación oral	Intervención propia dos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal, a través da que o estudantado e a persoa encargada da docencia interactúan dun modo ordenado, plantexando cuestións, realizando aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.	10
Proba obxectiva	Empregada para a avaliación do aprendizaxe, cuxo rasgo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida que permite a través dun cuestionario de preguntas avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendimento e aptitudes	60
Sesión maxistral	Asistencia e participación ás sesións maxistrais, en que se realizarán exposicións orais complementadas co uso de medios audiovisuais e a introducción de preguntas dirixidas ao estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.	20

Observacións avaliación



I. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

1. Do volume total do traballo do estudantado nesta materia, unha grande parte corresponde ao traballo individual ou en grupo que o propio estudantado se compromete a realizar sen a presenza da persoa encargada da docencia.
2. A avaliación da aprendizaxe debe comprender tanto o proceso como o resultado obtido, tendo en conta sempre que a maneira de avaliar condiciona o método de aprendizaxe e inflúe na propia aprendizaxe.
3. A proba escrita obxectiva avalía o resultado obtido, mais non permite avaliar con exactitude o proceso de aprendizaxe. Precisamente por isto, valorarase o rendemento e as aprendizaxes acadadas a través da combinación entre actividades de avaliación formativa e de avaliación final, de modo que a cualificación será o resultado da avaliación continua e da realización dunha proba final.
4. A avaliación continua implica valorar o esforzo e o proceso na aprendizaxe por medio da participación do estudantado.
5. A proba obxectiva implica valorar os resultados da aprendizaxe.

II. CRITERIOS ESPECÍFICOS DA AVALIACIÓN

1. Asistencia sesión maxistral: 20 por 100 da cualificación total.
2. Estudo de casos: 10 por cento da cualificación total.
3. Presentación oral: 10 por cento da cualificación total.
4. Proba escrita obxectiva: 60 por cento da cualificación total.

III. PROBA DE CONXUNTO

1. Contéplase a opción de presentarse a unha proba de conxunto para aqueles casos excepcionais que non permitisen a realización dos traballos relacionados no programa.
2. Esta proba estará composta dunha parte práctica e dunha teórica, todo isto sobre unha cualificación de 10.
3. A proba realizarase na data aprobada para tales efectos polo centro.

Fontes de información

Bibliografía básica
Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



1. Ningún requisito previo.

2. Orientacións para o estudo.

Asistencia ás sesións presenciais, entre outras varias razóns, porque nelas indícanse sempre que concretas preguntas poderían ser obxecto da proba obxectiva en relación co temario teórico da materia.

Cingirse estritamente ás instrucións dadas nos correspondentes cuestionarios, para os efectos da preparación do temario práctico da materia.

3. Pautas para a mellora e a recuperación.

Utilización dos horarios de tutorías sinalados polo profesorado responsabel da impartición da materia.

Fóra do horario de tutorías, formulación de dúbidas ou consultas ao propio profesorado responsabel por medio do correo electrónico.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías